

O xornal da Terra de Melide

Nº 86. Marzo 2013. Distribución gratuíta

Melide vístese de branco para a II edición do Salón da Voda

O Pazo de Congressos e Exposicións da vila converterase de novo o 17 de marzo nun gran escaparate nupcial que amosará unha completa oferta de roupa para noivos, restaurantes, xoias, coches antigos, grupos musicais, hoteis, perruquerías, fotografía, axencias de viaxes... Trinta e cinco expositores participan nun evento que incorpora ao seu programa os desfiles de moda e que sorteará un cruceiro polo Mediterráneo. P3



EMPRESA

Coñece as novas medidas laborais e fiscais aprobadas polo goberno P6

COMARCA

A parroquia de Visantoña recupera o Punto de auga de Puñín P14

CULTURA

Así foi un dos entroidos máis concorridos dos últimos anos en Melide P20-21

ENTREVISTA



Margarita Iglesias,
Mis Mejores Labores P23

Esgótase a paciencia tralo peche da Ponte da Regada




Os veciños de Santiso preparan mobilizacións para esixir o arranxo urxente da infraestrutura. Seis semanas despois de ser cortada ao tráfico seguen sen noticias. P13

O melindre busca ser Festa de Interese Turístico Galego



A Concellería de Turismo intenta por segundo ano obter a distinción e intensifica as conversas a nivel político e a presenza en feiras gastronómicas. P11



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Segregacións e agrupacións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Catastro

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.
- Imposto de sucesións

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.000 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Respostas que xeran preguntas

O goberno central vén de aprobar un Real Decreto Lei encamiñado a estimular o crecemento e a fomentar a creación de emprego. Cincuenta medidas saídas dos produtivos venres dos Consellos de Ministros que foron presentadas como a resposta ao drama do paro e que contemplan fundamentalmente bonificacións nas cotizacións á seguridade social e apoios fiscais.

Mais a letra pequena do conxunto de respostas, que se recolle na páxina 6 deste xornal, xera grandes dúbidas sobre a súa eficacia. O reducido espectro de aplicación, os condicionantes esixidos e a falta de concreción fan pensar que o impacto da súa aplicación no que se chama vida real será mínimo. E fai que nos preguntemos tamén se estamos ante medidas con visos de seren efectivas ou ante un parche improvisado.

Quizais para combater o elevado nivel de paro entre a mocidade, un dos principais problemas hoxe en día, a inmensa maioría das accións vai destinadas a menores de 30 anos. Iso si, deixando nunha situación de total desprotección aos colectivos de maior idade. E aínda para a xente nova, co fomento de contratos temporais sempre vinculados ás prácticas e á formación, semella que a aposta pasa por crear traballo



a base de precarizalo.

Ante isto, non queda outra máis ca seguir facendo preguntas: estamos ante medidas para garantir o emprego ou ante unha operación de maquillaxe tralo tirón de orellas que nos deu Europa polos escandalosos datos de paro xuvenil? Ese paro cuxa taxa se sitúa no 55,5%, a máis alta da UE por detrás de Grecia segundo a última enquisa publicada por Eurostat. E máis: están os políticos apegados á realidade dos pobos que gobernan ous aos despachos e ás doutrinas de partido? Que acontece con toda esa xente de máis de 30 anos: os que teñen a vida empezada e se ven nun ERE, sen emprego e con fillos, cunha hipoteca, no paro e sen formación...?

Pode parecer contradictorio

que a patronal estea a cuestionar unhas medidas que a priori benefician á empresa, pero non o é. Porque as empresas, máis alá do seu obxectivo primordial e lexítimo de xerar beneficios, son tamén creadoras de emprego e de riqueza, non de precariedade. Iso é o “pan para hoxe e fame para mañá”.

A recuperación real susténtase nunha cidadanía con capacidade de consumo e para conseguir iso as respostas ante unha situación complexa deben ser contundentes. Non vale a maquillaxe nin xerar máis dúbidas, aínda que iso se faga con frecuencia. Que é unha indemnización en diferido? E unha simulación de contrato? Poida que materias obxecto do seguinte decreto lei. O próximo venres.

Tribuna de opinión

Si, queremos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Non é un matrimonio, pero si cousa de dous. Asetem-Cca e o Concello de Melide embarcáronse na organización do II Salón da Voda coma se dun casamento se tratase: coa mesma ilusión, cas mesmas dores de cabeza, con moito tempo de antelación, probando e cambiando, con medo a equivocarse, dedicando horas extras, imaxinando como será e tratando de non incomodar a ninguén.

E se iso de casar é algo que debe pensarse dúas veces, tamén se fixo o propio á hora de volver poñer en marcha o salón. Cómpre ter sempre iniciativa pero non sobra o criterio da prudencia cando se está a falar dun evento chamado a ser referente en toda Galicia e que require unha mobilización considerable de

recursos económicos, traballo e tempo. Con todo, na balanza pesou máis o convencemento de que o comercio melidense estaría á altura das circunstancias unha vez máis e que o evento ha resultar positivo para a vida da vila en xeral.

É importante estar no mapa, saír na fotografía, aínda que non se sexa o protagonista e haxa máis invitados que te rodeen. É importante estar aí, ser visible, facer cousas. Por iso o II Salón da Voda de Melide será unha realidade en cuestión de días. E como toda noiva que se prece, levará algo novo: unha pasarela de moda e o sorteo dunha viaxe. A intención é atraer cada vez máis miradas e por iso a organización confeccionou o traxe co máximo esmero. Só falta que ese día saia todo ben.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Melide, o mellor dos escaparates para organizar un casamento

Melide volverá a ser un ano máis o lugar de referencia en Galicia para todas aquelas parellas que estean pensando en casar. O Pazo de Congresos e Exposicións da vila acollerá o próximo domingo 17 de marzo a segunda edición do Salón da Voda, un evento impulsado conxuntamente pola asociación de empresarios (Asetem-Cca) e o concello co que se pretende amosar que é posible organizar o mellor dos casamentos sen necesidade de saír da comarca.

35 EXPOSITORES COA OFERTA MÁIS VARIADA

Durante nove horas, de 11:00 a 20:00, o Salón da Voda de Melide concentrará unha variada oferta de produtos e servizos onde as parellas poderán atopar todo o preciso para organizar unha voda. Será un gran escaparate no que participarán 35 expositores de 16 sectores diferentes.

No da hostalería haberá opcións para todos os gustos. A oferta contempla dende comedores de pequena capacidade para aqueles enlaces máis íntimos, ata casas rurais, pazos e balnearios. O sector con máis representación será o da moda, lencería e complementos: un total de 12 firmas entre as que se inclúen as dúas tendas melidenses especializadas en traxes de noiva e de noivo e outra que elabora traxes tradicionais galegos á man. Non faltarán os zapatos nin tampouco as propostas de moda para invitados, madriñas, padriños e nenos de arras. Haberá tamén oferta de lencería con presenza de tendas especializadas en corpiños e tallas grandes.

Alianzas e arras centrarán a oferta do sector da xoiería, que tamén amosará alfaias

para invitados. Por outra banda, as florerías presentarán propostas de ramos para noiva e deseños florais para banquetes e igrexas. Tamén estarán presentes tres perruquerías melidenses que amosarán as últimas tendencias en peiteados, maquillaxe e mesmo tatuaxes. Haberá demostracións en directo.

A festa non pode faltar en toda boa voda que se prece e por iso a animación musical será parte importante da feira. Varias empresas presentarán os seus servizos ante os visitantes e serán tamén a banda

sonora do Salón da Voda con actuacións en directo ao longo de toda a xornada. Soará a música de cámara, discotecas móbiles e a voz de solistas. Tamén os invitados poderán tomar nota tras un pequeno percorrido polo salón: electrodomésticos, vaixelas, mobiliario e utensilios para o fogar serán boas opcións para ofrecer como regalo. Completarán tan variada oferta os coches de época, os stands de repostería e produtos artesáns, comerciais de viños, imprentas, estudos de fotografía, novas tecnoloxías e axencias de viaxe.



Na feira haberá 10 modelos diferentes de coches de época



Grupos de música ofrecerán servizos e amenizarán o salón

DESFILES E SORTEO DUN CRUCEIRO

Partindo das mesmas premisas de calidade e variedade que se aplicaron no ano 2012, o Salón da Voda incorpora desta volta novos alicientes que engadirán atractivo e lle outorgarán un grao máis de categoría.

O corredor central do recinto de exposicións converterase o domingo 17 nunha pasarela de moda que servirá para lucir a roupa e os complementos de varios dos comercios participantes. Haberá dous pases, un ás 13:00 e outro ás 18:00 horas, nos que se amosarán varios vestidos de noiva e madriña, ademais de traxes de noivo e roupa para nenos de arras e invitados.

Por outra banda, as parellas que vaian casar este ano ou o próximo e visiten o Salón da Voda terán dereito a entrar no sorteo dun cruceiro de 7 días polo Mediterráneo. Tan só terán que cubrir un formulario de participación no stand da axencia de viaxes, que estará situado á saída do recinto. O sorteo realizarase o propio día da feira a última hora da tarde e servirá para que unha das parellas saia coa viaxe de lúa de mel baixo o brazo. Antes de realizar o cruceiro, os noivos afortunados deberán acreditar que casaron.

MÁXIMA DIFUSIÓN

Convencida de que o boca segue a ser unha boa forma de publicidade, a organización imprimiu 5.000 dípticos para repartir entre os asistentes ao mercado que cada domingo acolle a vila de Melide. Neles recóllese un plano coa distribución dos stands e unha relación de todos os comercios participantes agrupados por sectores.

Por outra banda, segue operativa a páxina web www.salondeboda.com, posta en marcha co gallo da primeira edición do salón. A través dela pódese acceder aos datos de contacto dos expositores así como a información relacionada coa feira.

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com





Nova sección de bebés: sacos, edredóns, cunas...



**Avda. América, 3
MELIDE**

Descontos especiais en:
lencería de noiva, detalles e invitacións
por reservas feitas no

Salón da Voda de Melide

Reserva de 3 artigos: **15%** de desconto

Reserva de 2 artigos: **10%** de desconto

Reserva dun artigo: **5%** de desconto

***Visítanos o 17 de
marzo no Salón
da Voda de Melide***



Tono

Peluqueros

Tfno.: 981 50 61 81

**Ronda de Pontevedra, 59, Baixo
15800 MELIDE (A Coruña)**

Mercamelide insufla optimismo tras pechar cun balance positivo

Foi un sopro de aire fresco necesario e agardado. Os bos datos cos que pechou a XI edición do Mercamelide caeron como auga de maio en pleno mes de febreiro e representan toda unha inxección de optimismo para o comercio melidense nunha época difícil. O bo nivel de vendas e a afluencia masiva de xente durante os dous días que se celebrou o evento fixeron que a última edición da feira de saldos fose “mellor ca moitas das anteriores”, segundo recoñeceron algúns dos establecementos participantes sondados por Asetem-Cca.

O balance foi, en xeral, positivo. “Mentiría se che digo que non me compensa estar aquí”, comentaban dende o stand de Mis Mejores Labores, “a pesar de que hai que desmontar a tenda e dá moito traballo, non me importaría vir todas as fins de semana”. Nunha liña semellante se manifestaba El Baúl de la Piquer, quen confirmaba que despois dunha edición de verán “horrible”, as cousas desta volta ían moito mellor: “Dámonos por satisfeitas. Sabemos que con prezos tan baixos non faremos unha gran caixa pero o stock está saíndo moi ben e iso é o que nos interesa”.

O balance foi tamén positivo para os comercios que participaron por primeira vez no Mercamelide e que confirmaron xa a súa presenza na próxima edición, como foi o caso de Sisuka Moda: “decidín vir porque todo o mundo me dicía que compensaba e non me arrepinto; para o ano volto seguro”. Outro exemplo é o de Subministros Cire, cuxo propietario declaraba sorprendido que “non contaba que nos fora tan ben”. Malia que a venda de maquinaria resultou máis frouxa, a escasas horas da clausura da feira aseguraba terlle dado saída “ao 80% do stock” de roupa, calzado e ferramentas.

Marca Melide

As boas sensacións non só se reduciron ás vendas e moitos establecementos destacan que o elevado número de persoas que pasaron polo Mercamelide o 16 e o 17 de febreiro converteron a feira nunha “moi boa plataforma publicitaria”.



A maquinaria agrícola e de obras foi unha das novidades este ano



Ekaté, Sisuka Moda, A Boa Viña e Tu Boutik foron algúns dos establecementos que participaron por primeira vez na feira

Así o recoñecía Electrosán, unha tenda que leva dous anos participando e que aproveitou o evento para darse a coñecer e presentar a súa oferta de electrodomésticos: “vémolo como un investimento a longo prazo e sobre todo como unha axuda para que a xente vexa que en Melide hai de todo e pode vir aquí a mercar”. Nese sentido destacou tamén que a marca Melide chega cada vez máis lonxe e que “este ano se fixo moi boa publicidade da feira e notamos que veu máis xente de fóra”.

A clave, a innovación

Tanto a patronal melidense como a Concellería de Comercio e Promoción Económica amosan a súa satisfacción polos bos resultados do Mercamelide e coinciden á hora de sinalar que a innovación é unha das claves para que a feira vaia a máis ano tras ano:

“se a xente atopa sempre o mesmo, deixará de vir”, explica o edil Santos López. Nese sentido destacou a presenza de novos sectores este ano, a incorporación do servizo de cafetería, os segway e a gravación en directo do videoclip Mercamelide Style, que será lanzado en breve ás redes sociais. Pola súa banda, a presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, considera “un acerto” potenciar a oferta de ocio como complemento da comercial: “quedou demostrado que é unha medida que resulta efectiva, que atrae a xente e que dinamiza a feira. É unha boa liña na que hai que seguir traballando”, asegura.

O reto para vindeiras edicións é buscar novas ideas para seguir incrementando as vendas: “xa conseguimos que a xente nos coñeza e veña, agora hai que facer que merque máis”, sinala López.

Xa teñen o don de xentes e buscan o don de linguas



Alumnos do Curso de Inglés para hostaleiros na aula do Telecentro

Unha hora e media de clase todos os días durante dúas semanas. Non será tempo suficiente para aprender un idioma pero si para facerse coas nocións básicas que permitan saír do paso con maior soltura na relación cos peregrinos estranxeiros que comezan a chegar a Melide. E niso están os hostaleiros da vila que participan no curso de inglés organizado polo Concello para os profesionais do sector.

As motivacións e as aspiracións son variadas pero a maioría coincide ao sinalar que “fai moita falta” todo o que se poida aprender: “creo que toda a xente de Melide debería desenvolverse un pouco en inglés, aínda que só

sexa pola afluencia de peregrinos que temos”, comenta unha alumna.

Igual de variados son tamén os perfís; hai quen comeza de cero e vai collendo “vocabulario e algunhas frases” ata quen viviu en Inglaterra varios anos e acode para perfeccionar o que xa sabe. Os máis asisten para “refrescar a memoria” e evitar que a falta de dominio do idioma lles xogue malas pasadas: “un día quixen indicarlles onde podían durmir e o primeiro que se me veu á cabeza foi ‘let’s go to bed’, dunha canción de The Cure”, comenta outra das asistentes, “non sabía que lles estaba a dicir que se meteran na cama comigo!”.

NOTICIAS BREVES

Novas promesas para as pemes

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a Consellería de Economía e Industria lanzará de forma inmediata unha nova liña de axudas para favorecer proxectos de innovación e emprendemento entre as pequenas e medianas empresas (pemes). O xefe do executivo galego comprometeu unha partida de 12 millóns de euros para o programa, cuxos pormenores non especificou. O anuncio foi realizado durante o acto de presentación da Axencia Galega de Información (Gain), un novo organismo con sede en Santiago que foi definido como “un órgano vital para deixar atrás a recesión e saír reforzados da crise”.

Aproveitando o talento feminino

O VI Plan Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes presentado o pasado mes de febreiro contempla 53 actuacións para aproveitar o talento feminino e concienciar sobre a necesidade de que as mulleres participen activamente no mercado laboral e profesional. Destacan as liñas de subvencións para a posta en marcha de iniciativas empresariais para mulleres e para a creación de emprego feminino. Tamén o acompañamento en proxectos de renovación e relanzamento liderados por mulleres que estean orientados ao mantemento da competitividade.



a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

RESUMO DAS MEDIDAS FISCAIS E LABORAIS DE APOIO AO EMPREENDEDOR E DE ESTÍMULO DO CRECEMENTO E DA CREACIÓN DE EMPREGO APROBADAS POLO GOBERNO CENTRAL (REAL DECRETO LEI 4/2013) - PARTE I

MEDIDAS LABORAIS

COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL APLICABLES A XÓVENES TRABALLA- DORES POR CONTA PROPIA.

Traballadores Autónomos, dados de alta a partir da entrada en vigor do Estatuto do Traballador Autónomo, menores de 30 anos (homes) e menores de 35 anos (mulleres) terán unha redución (15 primeiros meses) e unha bonificación (15 meses adicionais) do 30% da cota resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización vixente sobre a base mínima de cotización; é dicir, en 2013 o desconto suporía 77 euros menos de cotización cada mes.

Alternativamente, os traballadores por conta propia de Autónomos ou do Mar, menores de 30 anos, sen traballadores por conta allea e que causen alta inicial ou que non estiveran de alta nos 5 anos anteriores á data de efectos desta, poderán aplicar as reducións e bonificacións sobre a cota de continxencias comúns (incluída incapacidade temporal) resultante de aplicar á base mínima o tipo mínimo de cotización vixente. Poderá aplicarse por un período máximo de 30 meses, segundo a seguinte escala:

- a)** Redución do 80% da cota durante 6 meses seguintes á alta. En 2013, un autónomo que cotiche pola base mínima, sen cobertura de continxencias profesionais, pagaría 52,03 euros.
- b)** Redución do 50% da cota durante 6 meses seguintes ó período anterior. Despois pagaría (con datos de 2013) 128,79 euros mes.
- c)** Redución do 30% da cota durante 3 meses seguintes ó período do apartado b). Neste tramo (con datos de 2013) pagaría 179,96 euros mes.
- d)** Bonificación do 30% da cota durante os 15 meses seguintes á finalización do período de redución. Neste tramo (con datos de 2013) pagaría 179,96 euros mes.

REDUCCIÓNS E BONIFICACIÓNS DE CUOTAS Á SEGURIDADE SOCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE SE ESTABLEZAN COMO TRABALLADO- RES POR CONTA PROPIA.

Traballadores con discapacidade igual ou superior ó 33%, que causen alta en Autónomos ou no R. Mar, beneficiaranse durante 5 anos dunha bonificación do 50% da cota que resulte de aplicar sobre a base mínima vixente o tipo vixente, excepto Incapacidade Temporal. En 2013, o desconto ascendería a 113,76 euros.

Cando estes traballadores teñan menos de 35 anos, causen alta en Autónomos ou R. Mar ou non estiveran de alta nos 5 anos anteriores e non teñan traballadores a cargo, poderán aplicarse reducións e bonificacións sobre a cota de continxencias comúns, excepto incapacidade temporal, resultante de aplicar á base mínima o tipo mínimo de cotización vixente, por un período máximo de 5 anos, segundo a seguinte escala:

- a)** Redución do 80% durante 12 meses.
- b)** Bonificación do 50% durante os 4 anos seguintes.

COMPATIBILIZACIÓN DA PRESTA- CIÓN POR DESEMPREGO CO INICIO DE ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA, PARA MENORES DE 30 ANOS.

Os beneficiarios de prestacións de desemprego contributiva que inicien unha actividade por conta propia, poderán compatibilizar o percibo da prestación de desemprego coa realización da actividade. Requisitos:

- Menores de 30 anos na data de inicio da actividade, sen traballadores a cargo.
- Período máximo de compatibilidade: 270 días
- Prazo de caducidade da solicitude ó SEPE: 15 días dende o inicio da actividade por conta propia. De non facerse a solicitude neste prazo o traballador non podería acollerse á compatibilidade.

AMPLIACIÓN DAS POSIBILIDADES DE APLICACIÓN DA CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DE DESEMPREGO.

Os beneficiarios da prestación de desemprego contributivo, menores de 30 anos poderán capitalizar o 100% da prestación con destino a aportación ó capital social dunha entidade mercantil de nova constitución ou con antigüi-

dade máxima de 12 meses, sempre que desenvolva na sociedade unha actividade profesional ou laboral indefinida (de duración mínima 18 meses); estando excluídos aqueles que estiveran ligadas contractualmente con ditas sociedades e os TRADE (Autónomos dependentes).

O pago único da prestación realizarase polo importe da inversión necesaria para desenvolver a actividade, incluído o importe de cargas tributarias de inicio da actividade, co límite do 60% da prestación ou do 100% para homes menores de 30 anos e mulleres menores de 35 anos no momento da solicitude. Os menores de 30 anos tamén poderán destinar a capitalización a gastos de constitución e posta en funcionamento da entidade, pago de taxas, servizos específicos de asesoramento, formación e información relacionados coa actividade a emprender.

As prestacións de desemprego que se perciban na modalidade de pago único están exentas do IRPF, condicionada ó mantemento da participación ou actividade durante 5 anos.

SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO TRAS REALIZAR UNHA ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA.

A prestación de desemprego suspenderase por realización dunha actividade por conta propia de duración inferior a 24 meses; ou de duración inferior a 60 meses no caso de emprendedores menores de 30 anos, que causen alta no R. Autónomos ou R. Mar.

EXTINCIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO TRAS REALIZAR UNHA ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA.

A prestación de desemprego extinguirase pola realización dunha actividade por conta propia de duración igual ou superior a 24 meses; ou igual ou superior a 60 meses no suposto de traballadores por conta propia menores de 30 anos que causen alta inicial no R. Autónomos ou R. Mar.

COTIZACIÓN POR CONTINXENCIAS PROFESIONAIS E CESE NA ACTIVIDADE.

A cobertura de accidente de traballo e enfermidade profesional, así como a protección por cese na actividade, terá carácter voluntario para os traballadores por conta propia menores de 30 anos.

MEDIDAS FISCAIS

INCENTIVOS NO IMPOSTO DE SOCIEDADES PARA ENTIDADES DE NOVA CREACIÓN.

As entidades constituídas a partir do 1 de xaneiro de 2013, que realicen actividades económicas, tributarán no primeiro período impositivo no que a base imponible resulte positiva e no seguinte, de acordo coa seguinte escala:

- a)** Ata 300.000 euros de base imponible, ó 15%
- b)** Pola base imponible restante, ó 20%

Esta escala non será de aplicación na cuantificación dos pagos fraccionados do imposto que se calculen pola modalidade establecida no artigo 45.3 da Lei do Imposto de Sociedades.

INCENTIVOS NO ÁMBITO DO IRPF.

Os contribuíntes que inicien unha actividade económica a partir do 1 de xaneiro de 2013, en estimación directa, poderán reducir un 20% do rendemento neto positivo, no primeiro período impositivo no que o rendemento sexa positivo e no seguinte. Para aplicar esta redución o rendemento neto non poderá superar os 100.000 euros anuais.

Non se aplicará a redución no período impositivo no que máis do 50% dos ingresos procedan dunha persoa ou entidade da cal o contribuínte obtivera rendementos do traballo no ano anterior á data de inicio da actividade.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

M^a FE SÁNCHEZ ASCARIZ, “BERENCELLO”

“Atopar lencería elegante e bonita xa non é unha cuestión de tallas”

-Vai incorporar un novo servizo á súa tenda. En que consiste?

-Trátase de axudarlle á clientela a atopar a súa talla exacta de suxeitador, para que se adapte perfectamente á feitura do seu corpo. Hai mulleres cos peitos moi grandes ou que teñen descompensada a talla da espalda e a talla da copa, o que crea dificultades para atopar un suxeitador que lles sente ben. Para evitar iso, o 13 de marzo visitaranos unha profesional que lles axudará a determinar a talla perfecta para cada unha delas.

-Como se fai iso?

-É moi doado. Abonda con tomar varias medidas cunha cinta e aplicalas a unhas táboas de valores xa preestablecidos. As mulleres que estean

interesadas poden pasar pola tenda para anotarse e para recoller as invitacións. As medicións vanse realizar de 10:00 a 13:30 da mañá e de 15:30 a 18:00 pola tarde. Estamos dando cita previa para que ninguén teña que estar na tenda esperando.

-Por que se apuntou a esta iniciativa?

-A miña idea dende que abrí a tenda foi especializarme e dende o principio vin que había moitas clientas que tiñan problemas para atopar suxeitadores que lles acaesen ben: porque se lles botaba o peito, porque as cortaba, porque lles quedaba frouxo nas costas... calcúlase que o 80% das mulleres leva unha talla equivocada e non o sabe. É unha pena, porque cando o suxeita-

dor senta ben é máis cómodo, suxeita mellor e realza o peito. Eu xa viña tendo bastante mercadería de tallas grandes e trataba de atopar a talla axeitada a base de probar. Agora, co criterio dunha profesional, será máis doado.

-Ás veces o problema das tallas grandes é que non hai variedade para elixir. Iso está superado?

- Por suposto. En concreto, este novo servizo que incorporarei vouno prestar a través de tres casas que están especializadas en tallas grandes e que teñen catálogos con infinidade de modelos coloridos, actuais e modernos. E non só en lencería, senón tamén en traxe de baño e roupa interior para noivas. Iso de atopar só a cor carne, branca e negra pasou á



M^a Fe Sánchez apostou por especializarse en tallas grandes

historia; a lencería elegante e bonita xa non é unha cuestión de tallas.

-O sector das noivas tamén é problemático?

- Eu non diría problemático, pero por exemplo ata hai pouco parecía que tiñas que ter un corpo perfecto para po-

der poñer un corsé o día da túa voda. Iso tamén está superado. Este ano estanse chegando corsés preciosos para noivas con tallas especiais. Os quilos non son un problema nese aspecto. O 17 de marzo estarei no Salón da Voda e levarei unha mostra das últimas novidades en moda nupcial.



Queres saber a talla exacta do teu peito?

MÉRCORES 13 DE MARZO

visitaranos unha profesional en tallaxe

BERENCELLO

Rúa do Convento, 2
MELIDE

*Pídenos información
sen compromiso e recolle
a túa invitación*



Con preto de 70 anos de historia ás súas costas, a finais de 2011 Ferretería Nogueroles deu un paso adiante para introducirse no mundo da **menaxe de exclusividade**. Pouco tempo despois esta aposta de negocio viuse reforzada e ampliada coa apertura dunha nova tenda en pleno corazón de Melide: **1945 by Nogueroles** é dende entón un comercio de referencia para quen queira vestir ben o seu fogar.

O local, situado na Rúa do Convento, conta con **300 metros cadrados** onde os clientes poderán atopar unha **ampla gama de produtos** de decoración e interiores, baños e calefacción, ademais dunha planta enteira dedicada á menaxe especializada: moble auxiliar, vaixelas, cubertería, cristalería, baterías e máquinas de cociña, iluminación, téxtil, limpeza e mesmo artigos para campings e terrazas.

1945 by Nogueroles aposta por produtos con liña de **deseño e un prezo accesible** que non se poden atopar noutros lugares. Marca a diferenza con negocios semellantes porque traballa con provedores que non proceden do mundo da ferretería e que garanten exclusividade. Por iso hoxe en día **1945 by Nogueroles** é o mellor lugar para construír un fogar vangardista no que non falte de nada.



1945
by Nogueroles



Síguenos en [facebook](#)

Pepe Jeans
LONDON

HUNTER

BRUNO PREMI
SHOES & BAGS

relish
FOOD CONCEPTS

ESPRIT

PHARD

VILA
CLOTHES

edc
ESPRESSO

lavand.

AM ANTONY MORATO
WWW.MORATO.IT

Kawasaki

REPLAY

Cantón de San Roque, 11
MELIDE



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

Un producto para cada necesidad

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES
Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL
Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.



INFORMACIÓN Y PEDIDOS
TEL: 981.50.57.50
www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS
Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

AUTOMOCIÓN Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.	CONSTRUCCIÓN Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona	AGROPECUARIA Detergentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)	PISCINAS Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.	CELULOSAS Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas
--	--	--	---	---



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)**



ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal D.O. Ribera del Duero Tarsus Prado Rey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes D.O. Rueda Naia Monteblanco D.O. Ribeiro Viña Costeira	D.O. Vinos de Madrid Tagonius D.O. Somontano Pirineos D.O. Bierzo Dominio de Tares Vinos del mundo Argentina, Australia, Chile D.O. Navarra Castillo de Javier Palacio de la Vega D.O. Bierzo Dominio de Tares D.O. Toro Fariña V.T. Castilla y León Dominio DosTares Viñas del Cénit	V.T. Castilla Mano a Mano & Venta La Ossa Pago del Vicario D.O. Rías Baixas Nora Lusco Veigadares Terra D'Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral D.O. Valdeorras Galgueira D.O. Ribeira Sacra Pincelo & 1985 Champagne Perrier Jouët Aceite ArteOliva Agua Solán de Cabras
---	---	---



CasaQuinzan
RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

MUEBLES DE SEGUNDA MANO



**Abrimos
todos los
domingos**

**Compra y venta de muebles de
segunda mano y antigüedades**

Calle Progreso, 15 - MELIDE

**607 847 374
653 979 664**

SEMANA SANTA 2013 – HORARIO DE CULTOS

Domingo de Ramos (24 de marzo)

10:00 – Melide e Furelos
11:00 – Melide (San Roque), Leboreiro e Santa María.
12:00 – Melide (bendición de ramos) e Zas de Rei.
13:00 – Os Ánxeles.
18:00 – Sacramento da Penitencia.
19:00 – Melide. Santa Misa.

Xoves Santo (28 de marzo)

Misas da Cea do Señor:
17:00 – Furelos. 18:00 – Santa María.
18:30 – As Cazallas. 19:00 – Melide
21:00 – Melide Hora Santa

*Unidad Pastoral
de Melide*

Venres Santo (29 de marzo)

09:00 – Procesión do Perdón e Rezo do Vía Crucis en Melide.
11:00 – Rezo do Vía Crucis en Furelos.
12:00 – Rezo do Vía Crucis nas Cazallas.
17:00 – Oficios en Furelos.
18:00 – Oficios en Santa María.
18:00 – Procesión Santo Enterro en Melide.
18:30 – Oficios nas Cazallas.
19:30 – Oficios en Melide.
21:30 – Procesión da Virgen de la Soledad en Melide.



Sábado Santo (30 de marzo)

20:00 – Vixilia Pascual en Melide (para todas as parroquias)

Domingo de Pascua (31 de marzo)

– Misas en Melide: 10:00, 11:00 (San Roque), 12:00, 13:00, 20:00
– Misas nos Ánxeles: 10:00, 11:00, 12:00 (solemne), 19:00

O conflito polo aparcadoiro da Rúa Galicia enquistase e chega á xustiza

A situación do aparcadoiro da Rúa Galicia está xa nos tribunais. Os propietarios do solar, que decidiron pechar os accesos ao recinto hai case tres meses alegando incumprimento de contrato por parte do Concello, presentaron unha demanda contra a administración local na que reclaman preto de 46.000 euros. En concreto, solicitan o pago do IBI correspondente aos anos 2011 e 2012 (949 euros); o peche perimetral e o acondicionamento do terreo, valorado nuns 15.000 euros; e unha indemnización por incumprimento de contrato que na actualidade rolda os 30.000 e que seguirá aumentando a razón de 200 euros diarios.

A orixe do conflito remóntase ao ano 2009, cando os propietarios e o anterior goberno local (BNG e PSOE) asinaron un documento privado para a cesión da parcela a cambio do pago do IBI. Non obstante, segundo o executivo actual (PP) non existe rastro de dito acordo nos rexistros do concello: “non hai ningún



Bloques de pedra obstaculizan os accesos dende hai 3 meses

decreto en relación con todo iso nin foi levado nunca a unha xunta de goberno ou a un pleno”, explicou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, quen considera que a actuación do bipartito foi “escura, irregular e irresponsable”.

Recentemente ámbalas dúas partes foron chamadas a un xuízo de conciliación no que “foi inviable chegar a un acordo”, polo que a demanda seguirá o seu curso. Vázquez sinala que o concello “non ten

nada en contra dos propietarios” e que debe seguir “as liñas que marca a lei”. Nese sentido resalta que sería “totalmente irregular” aceptar o pago do IBI.

Con todo, Vázquez manifestou que “un mal arranxo é mellor ca un bo xuízo” e confía en chegar “a un bo fin” para que o custo sexa o menor posible para as arcas municipais. Anunciou ademais que convocará á oposición para tomar determinacións conxuntas.

Ánxeles Vázquez, de novo ante o Valedor do Pobo por “xestión sospeitosa”

O BNG de Melide vén de presentar unha nova queixa ante o Valedor do Pobo, a segunda no que vai de ano, logo de que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, demorase catro meses a consulta de expedientes municipais por parte da oposición. Os nacionalistas denuncian a “grave actitude de totalitarismo” da rexedora e solicitan a mediación do Valedor nunha situación que consideran “española” e na que Vázquez “fai e desfai na administración pública como se non tivese que dar contas á veciñanza”.

A primeira das queixas veu motivada logo de que o goberno local non entregase un informe solicitado por BNG e PSOE para coñecer se un traballador municipal fora amparado polo PP para impartir un curso do INEM en horario laboral ao mesmo tempo que seguía cobrando do concello, o que suporía unha situación de irregularidade. O executivo xustificou a negativa en que estaba a solicitar a vida laboral

de todos os traballadores para detectar posibles incompatibilidades, pero o BNG viu niso unha manobra “para tapar mentiras e irregularidades” e pediu consultar a información no propio concello. Foi entón, segundo os nacionalistas, cando o equipo de goberno adiou a consulta 4 meses, o que motivou a segunda queixa ante o Valedor do Pobo.

Para o voceiro do BNG, Xosé María Santín Amo, isto é unha mostra “evidente” de que a alcaldesa “oculta información e está convertendo o concello nun organismo escuro e cunha xestión sospeitosa”.

13 incompatibilidades

Tras analizar a vida laboral de todos os traballadores municipais, o PP deu a coñecer que se detectaron 13 posibles situacións de incompatibilidade. BNG e PSOE cren que se utilizou ao conxunto dos empregados como coartada para tapar “o trato de favor” cun deles.

Detido un melidense nunha trama que defraudaba IVE



Rexistro de vivendas propiedade dos detidos (Foto:Axencia Tribut.)

A Axencia Tributaria desmantelou o pasado 25 de febreiro unha organización internacional con base en Galicia dedicada á fraude do IVE a través da comercialización de consolas para xogos e material informático. A operación, denominada “Marcianitos”, saldouse con 14 detencións en toda España, unha delas en Melide e outra en Arzúa. A trama tiña ramificacións en

varios países europeos e tería defraudado polo menos 5 millóns de euros nos últimos dous anos mediante “sociedades trucha”, “sociedades pantalla” e testaferrós que nalgúns casos mesmo eran cidadáns que estaban cumprindo penas de cárcere no estranxeiro. As dilixencias seguen abertas e a investigación baixo segredo de sumario, polo que non transendeu os nome dos detidos.

Turismo redobra os esforzos para conseguir a distinción do melindre

O próximo 12 de maio celebrase a XXII edición da Festa do Melindre e por primeira vez podería ser baixo a denominación de Festa de Interese Turístico Galego. Tras un primeiro intento fallido, a Concellería de Turismo non cesa no seu empeño e recoñece que a día de hoxe lograr a distinción é un “obxectivo primordial” que concentra todos os seus esforzos. Nesa liña o edil do ramo, Santos López, asegura que se reforzaron as conversas coa Consellería de Cultura e que se está a intensificar a presenza en feiras gastronómicas.

Logo de pasar polo III Salón Turístico de Galicia celebrado en Silleda e pola Feira do Queixo de Arzúa, os melindres son estes días o produto estrela do stand co que o Concello de Melide está a participar en Xantar 2013, o Salón Galego da Gastronomía que acolle a cidade de Ourense. Alí os visitantes poden saborear a repostería tradicional en mari-



En 2012 a festa presentouse na Praza de Abastos de Compostela

daxe con licores feitos por empresas melidenses.

Presentación na Coruña

Outra das bazas que está a xogar o Concello é lograr a máxima difusión na promoción do doce por excelencia de Melide. Para conseguilo, a Concellería de Turismo vén de anunciar que a Festa do Melindre se presentará este ano na Coruña. A data está aínda

sen determinar pero xa está confirmada a participación no acto do alcalde da cidade, Carlos Negreira, e da Directora Xeral de Turismo, Nava Castro. Por outra banda Santos López confirmou que, a pesar da polémica xerada o ano pasado, volverán os doces típicos doutras zonas de España e avanzou que haberá unha pregoeira “de nivel” que atraerá moitos visitantes.

Comeza o xuízo oral polo caso da EDAR do polígono

O Xulgado número 1 de Arzúa dá por rematadas as dilixencias previas do xuízo polas obras da depuradora do polígono industrial. Deste xeito o proceso entra na fase da vista oral, que dará comezo tres anos e medio despois de que o PP (entón na oposición) presentase unha querela contra o anterior goberno (BNG e PSOE) por entender que se cometeran irregularidades ao certificar as obras da EDAR sen que estas se realizasen.

Cea segue encausada

Na denuncia interposta polos populares acusábase a ex alcaldesa, Socorro Cea, dun presunto delito de prevaricación, fraude e falsificación documental. Na querela tamén se incluía a catro membros da Xunta de Goberno Local: os edís nacionalistas Concepción Castro, Antonio Varela e Antonio Díaz máis o daquela tenente da alcaldesa, o socialista Manolo Prado.

No auto publicado recentemente polo Xulgado de Arzúa decrétese o sobresemento das

causas contra todos eles, polo que quedan fóra do proceso. Non obstante, Socorro Cea segue encausada e xunto con ela tamén un representante e un técnico da empresa adxudicataria da obra (UTE Macraut - Aldasa).

“Polo interese xeral”

Na fase de intervencións para determinar se había indicios de delito, iniciada poucos días despois das eleccións de 2011 que propiciaron o cambio de goberno, Socorro Cea declarou que actuou en todo momento “movida polo interese xeral”. A ex rexedora sinalou que se certificou a obra da EDAR seguindo todos os pasos indicados pola Consellería de Industria para non perder a subvención, de 437.000 euros, e fixo constar ademais que pese a certificar a obra “o Concello de Melide nunca recibiu nin un só céntimo do convenio asinado coa Xunta”. Asegurou tamén que por entón había outros seis concellos na mesma situación ca Melide que non foron investigados.

Paralizan tramos da A-54 e estiran as obras ata 2017



Socialistas de Melide, Guntín, Palas e Monterroso nas obras da A-54

O Ministerio de Fomento comunicou oficialmente que paraliza ata 2015 as obras da Autovía Santiago-Lugo no treito comprendido entre Palas de Rei e Guntín. Os traballos, que foran adxudicados polo anterior goberno central no ano 2009 e tiñan como data de remata finais de 2014, prolongaranse agora ata 2017.

Os representantes do PSOE na comarca xa anunciaron que presentarán mocións nos plenos dos seus respectivos concellos para esixir que se

retomen as obras. Consideran que é “un desprezo para a veciñanza” e alertan que moitas das actuacións xa feitas “non valerán para nada dentro de dous anos”.

Pola súa banda, o ex ministro de Fomento, José Blanco, impulsou unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados para que se contrate conxuntamente “e coa maior brevidade posible” o proxecto e a obra de construción dos treitos Arzúa-Melide e Melide - Palas de Rei.

Remanente positivo por primeira vez en dez anos

O Concello de Melide pechou o ano 2012 cun remanente de 20.995,55 euros. É a primeira vez dende 2003 que un exercicio económico se cerra en positivo. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, atribúe este feito “ás medidas de austeridade e contención de gasto” aplicadas “en todos os departamentos locais” e considera que “nun momento no que baixaron as subvencións e os ingresos, dicir que temos remanente e que pagamos todas as facturas é un logro”. Por outra banda, Vázquez destaca que ao longo do último ano non se concertou ningún préstamo e sinala que se pagaron 411.00 euros de débeda bancaria, que a data 1 de xaneiro de 2013 ascende a 1.740.344,85 euros. O goberno local estima que se rematará de pagar en 2015. No que se refire ao presente exercicio, “as contas están ao día”, aseguran, tralo pagamento de 80.210,95 euros en facturas ata data 4 de febreiro.

NOTICIAS BREVES

Voceira provincial

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, ocupa dende o pasado 11 de febreiro un novo posto; o de voceira do PP na provincia da Coruña. A rexedora foi escollida polo presidente provincial, Carlos Negreira, para desempeñar este cargo de nova creación dende o que Vázquez asegura que dará “todas as explicacións que teña que dar nese labor de achegamento á cidadanía”. A alcaldesa declárase “satisfeita” coa designación e cre que se pensou na súa persoa “porque todo o mundo sabe que non me doen prendas en dicir as cousas que penso e que creo que son boas para a sociedade”.

Piscina nova no verán

A Xunta de Goberno Local aprobou a contratación de varias obras relacionadas co deporte por valor de 395.430 euros. Entre elas atópase o arranxo da piscina climatizada municipal. Cun prazo de execución establecido para o 30 de xuño, as instalacións volverán a estar operativas no verán, un ano e medio despois de que foran pechadas debido ás deficiencias que presentaban. As outras obras contratadas son a construción das pistas de pádel e dun espazo de ocio infantil no Pazo de Congressos. Neste caso os prazos de execución rematan o 30 de outubro e o 30 de xuño respectivamente.

O último empuxón

A Deputación da Coruña aprobou no seu derradeiro pleno o convenio de colaboración co Concello de Melide que permitirá rematar planta baixa da Casa da Cultura. A institución provincial achegará 123.900 euros para uns traballos que se centrarán no falso teito, as portas de entrada, os acabados dos vestíbulos e escaleiras, a substitución dos paneis de aluminio da fachada e diferentes traballos de albanelaría. As obras tamén inclúen a instalación dun sistema de seguridade, megafonía e telecomunicacións. Estímase que o edificio estea operativo no mes de xuño.

Saber falar e escoitar

Os alumnos de segundo de Bacharelato do IES participaron por segundo ano no concurso de debates Parlamento Xove, organizado pola Xunta. Alcanzaron as semifinais, que se celebraron no salón de plenos da Deputación da Coruña, e quedaron no posto 17 de 24. Máis alá da posición numérica, queda a aprendizaxe “da tolerancia, do saber falar e saber escoitar”. Así o expresou Dolores Vázquez, mestra e coordinadora do grupo de debate do instituto, unha iniciativa posta en marcha recentemente coa que o alumnado aprende a defender as ideas propias respectando as contrarias.

FOTO-DENUNCIA

O triunfo do vangardismo



É bo costume resaltar dalgún xeito aqueles lugares que foron relevantes na historia por un ou outro motivo: “aquí viviu Picasso”, “aquí naceu Rosalía de Castro”, “aquí gravaron os Beatles o seu primeiro disco”. A Rambla de San Pablo tamén ten o seu propio sitio de culto. Non hai ningunha placa que o identifique porque xa non queda onde colgala pero é igualmente visi-

ble e recoñecible grazas a un pneumático delicadamente pintado de vermello cunha caixa metálica da mesma cor que sae do seu ventre e se envolve en brillantes cintas plásticas. “Aquí houbo unha farola”, reza o monumento, metáfora das luces e sombras do ser humano. Os novos conceptos de arte chegan a Melide para quedarse. Que ninguén pense que é unha chapuza.

Os veciños de Santiso preparan as pancartas para reclamar o arranxo da Ponte da Regada

Levan máis dun mes sen poder utilizar unha das principais vías de comunicación do municipio e están convencidos de que só a presión cidadá pode facer que a Xunta arranxe canto antes a Ponte da Regada. Por iso os veciños de Santiso, que xa se constituíron en plataforma, están dispostos a coller un autobús e plantarse en Compostela con pancartas e chifres para levar as súas reivindicacións ante a Consellería do Medio Rural. “Ao mellor calquera día facemos unha trasnada”, explicaba un dos veciños na asemblea que convocaron en Visantoña a finais de febreiro para tratar a problemática, “hoxe en día todo funciona a base de presión e nós estamos dispostos a facer o que sexa necesario”.

A intención de manifestarse é clara e mesmo existe xa un lema: “Se non a fan eles, facémola nós”. O único que falta é fixar a data, unha cuestión que depende da visita que os técnicos da Xunta e de Augas de Galicia farán á zona nos próxi-

mos días e da que deberían saír determinacións e prazos concretos. En caso contrario, os veciños, que aseguran estar dispostos “a dar moita leña”, pasarán á acción.

Unha das principais preocupacións é que a burocracia e os trámites administrativos dilaten no tempo o arranxo da ponte, que para os habitantes da zona é algo “urxente” e que non pode esperar. Segundo explicou o alcalde de Santiso, Fernando Suárez, tras unha reunión mantida coa Conselleira do Medio Rural, “na Xunta non quixeron poñer prazos en ningún momento”, unha resposta que indigna aos veciños. “Se tiveramos un conselleiro en Ribadulla, amañaban a ponte en menos de dúas semanas”, apuntaba un deles, ao que outra cidadá secundaba: “vaise apurar a facela cando haxa unha emerxencia e teñamos que ir dar a Melide para chegar a Santiago? Isto é como cando botan sal na estrada despois de que se vaian vinte coches”.



Estrada cortada ao tráfico coa Ponte da Regada ao fondo

Transtornos no día a día

A Ponte da Regada, situada na estrada que comunica Santiso con Arzúa, quedou cortada á circulación o 28 de xaneiro tras sufrir danos na estrutura por mor dun temporal. Dende entón, rutinas habituais como desprazarse ata a vila arzuá para ir a traballar ou mercar convertéronse nun auténtico pesadelo para os veciños da zona. As alternativas supoñen

investir como mínimo 15 minutos extra e facer ata 18 quilómetros máis de traxecto. Tal é o caso da estrada de San Román, na que se contabilizan ata 38 fochas: “probei todas as alternativas e a máis curta é esa, pero a estrada estase desfacendo. Quedamos sen ponte e agora imos quedar sen coches”, queixábase unha veciña que pide, tamén, que infraestructura se arranxe “xa”.

A Deputación arranxará sete estradas da comarca

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade o Plan de Conservación de vías provinciais para 2013, que conta cunha dotación de 8.012.079 euros, 1,5 millóns máis ca o ano pasado. No que se refire á Terra de Melide, investiranse un total de 282.355 euros para arranxar as seguintes vías: DP-4601 da estrada Melide-Toques a Figueiras, DP-4602 Furelos a Meire e prolongación, C4603 Melide a Ribadulla, DP-4604 Melide ás Pías por Toques, DP-7901 Chorén ao lugar da Cruz, DP-8001 Cruces a Penablanca, DP-8002 Camiño a San Antolín.

As actuacións contemplan o desbroce de maleza, apertura de cunetas, tratamento das estradas, colocación de sinais, reparación de sistemas pluviais, rebacheos e asfaltados en superficie no caso de seren necesarios.

O GDR axuda a descubrir os usos alternativo do monte



Alumnos analizando as sementes a través do microscopio

Coa entrada do mes de marzo deu comezo o curso de Usos Alternativos do Monte que o GDR Ulla-Tambre-Mandeo está a desenvolver na Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar. A formación, que consta de tres módulos, comezou coas herbas aromáticas e medicinais. Os alumnos aprenderon os seus numerosos aproveitamentos, tanto

para a gastronomía como para a saúde e a estética e recibiron tamén información teórica e práctica sobre os procesos de sementeira, poda e tratamentos. Nas vindeiras semanas, e ata o mes de maio, abordarán os módulos dedicados aos froitos do bosque e á apicultura. A alta demanda obrigou a incrementar o número de prazos do curso de 15 a 25.

Rouban mercancía por valor de 6.000 € nun almacén de Visantoña

Polbo, costela de porco, lagostinos, luras, cigalas, paleta de cordeiro... é parte do botín que conseguiron substraer os ladróns na noite do 25 ao 26 de febreiro do almacén de Raúl Pazos, un veciño da parroquia de Visantoña (Santiso) que se dedica ao reparto de produtos conxelados.

“Non nos enteramos de nada”, explica o afectado, que vive xusto enfronte da nave onde gardaba a mercancía, aos pés da estrada que une Melide e Ribadulla. “Cando fun para traballar atopei a pechadura do almacén forzada e a cámara de frío aberta”. Unha simple ollada serviulle a este veciño de Visantoña para comprobar que os ladróns “sabían ao que ían” e que seleccionaran a mercancía de máis valor: “non a levaron a rumbo, foron á máis cara”, sinala, “ao precoñados non lles tocaban e incluso os arredaron para coller produtos que custan máis”. Este xeito de proceder

faílle pensar a Raúl Pazos que con toda probabilidade a mercancía será revendida, xa que “levaron todo o que lles vale para colocar nun restaurante”.

A cámara de frío non foi o único obxectivo dos ladróns, que tamén deron boa conta do que había dentro do camiión frigorífico, aparcado diante do almacén: “deixárono limpo, levaron todo o que tiña”. Entre os numerosos produtos substraídos atopábanse tres caixas de polbo valoradas en 600 euros. Son só parte dun botín que Raúl Pazos valora aproximadamente nuns 6.000 euros.

Ademais da mercancía, os cacos romperon a ventá do camiión para acceder á cabina, onde “remexeron todo canto había na busca de cartos”, explica o afectado, “non lles quedou nada por mirar”. A busca deu resultado e fixéronse con varios pagarés que estaban metidos dentro dunha axenda. Por se fora pouco, entraron

ademais en dous vehículos propiedade da familia, aínda que só levaron unha cazadora.

Cúmulo de coincidencias

Os ladróns tiñan o seu día de sorte e todo lles coincidiu ben para cometeren o roubo sen ser descubertos: “á miña muller cadroulle de levantarse ás 6 da mañá e ao pouco de acender a luz sentiu que arrincaba un coche pero non lle deu maior importancia”, apunta Raúl, quen engade que ese día tamén fallou a mellor das alarmas posibles: “temos unha cadela que está seguido dando as horas pero esa noite non ladrrou. Supoñemos que como facía tanto frío estaba durmindo do outro lado da casa e non se enterou”. E outra alarma, a dun dos coches da familia, tampouco soou malia que lle romperon unha ventá. Si o fixo varias horas máis tarde cando un axente da Garda Civil se achegou ao vehículo para tomar parte.

Poucas veces acontece que os recordos volven ser de socato unha realidade presente, máis na aldea de Puñín, en Visantoña, o que levaba anos relegado ás lembranzas dos máis vellos e agochado baixo as silvas volve ser hoxe o que foi hai tres ou catro décadas. A viaxe no tempo é ben doada de facer e abonda con camiñar pola pista entre as casas ata chegar ao fondo da aldea para atoparse de novo coa auga clara do regato e o pozo artesán no que se acumulaba auga para beberen as vacas e regar os prados nos meses máis secos. Na cima da pendente que baixa cara ao rego volve estar a fonte, co seu banco de pedra ao lado que tan bo xeito había dar para breves parrafeos á sombra nas tardes de verán mentres as sellas non acababan de encher.

O Punto de Auga de Puñín volve a ser parte do patrimonio de Santiso. Tras anos baixo a maleza, o goberno local púxose mans á obra para recuperar o entorno e poñer en valor o que foi un lugar de traballo e de encontro para moitos veciños da parroquia. Lonxe de darlle os usos que tivo no seu día, o obxectivo

Reencontro cos recordos na aldea de Puñín



Canalización de pedra do Rego de Puñín, présa de auga, fonte e vista xeral da área

agora é que o lugar se converta nunha pequena área recreativa e pase a formar parte dos atractivos paisaxísticos do concello. Nese sentido, o equipo de goberno asume o compromiso de manter a raia

a maleza e rozar periodicamente a zona para evitar que toxos, silvas fieitos e pólas volvan cubrir en pouco tempo o que estiveron ocultando durante as últimas tres ou catro décadas.

Acción conxunta

Os traballos de recuperación no entorno do regato de Puñín foron posibles grazas a un convenio que o Concello de Santiso asinou coa Consellería do Medio Rural. En virtude

do acordo, a administración autonómica puxo a man de obra mentres que a maquinaria e os materiais necesarios correron a cargo do concello.

A actuación consistiu en sanear a zona, que estaba a monte, realizando unha corta e poda selectiva de árbores ao tempo que se afeitou toda a maleza. Descubriuse o regato e restaurouse a parede de croios por entre a que transcorren as augas. Por outra banda, recuperáronse tanto o pozo como a fonte. O lugar de Puñín atópase nun lugar estratéxico, a menos dun quilómetro dos tamén restaurados muíños do Tajo e da ruta de sendeirismo, polo que o goberno local confía en que a recuperación desta zona contribúa a potenciar o atractivo turístico do concello.

Os veciños agradecen a recuperación do patrimonio local, que consideran “unha cuestión máis de querer ca de gasto”, segundo apuntan algunhas voces, e agardan que non suceda con Puñín o mesmo ca con outras áreas recreativas de Santiso creadas con anterioridade e cuxa conservación, aseguran, “podía ser moito mellor”.

Os veciños de Visantoña asumen o arranxo do cruceiro parroquial

Viron que estaba caendo e decidiron botarlle a man para salvalo. Convencidos de que o cruceiro parroquial non soportaría a lentitude dos trámites burocráticos, os veciños de Visantoña non dubidaron en poñerse mans á obra para realizar “unha sinxela reparación” que garantise a súa continuidade.

O monumento semellaba ter os días contados dende que hai varios meses fose vítima dun accidente aínda sen aclarar a día de hoxe que puxo en serio compromiso a súa estabilidade. Algunhas fontes apuntan a que un coche se empotrou contra el unha noite e despois se deu á fuga sen dar parte. Outras aseguran que foi un autobús da ruta escolar o que bateu contra el mentres daba marcha atrás. En calquera caso, a plataforma do cruceiro viuse afectada e as pedras sobre as que se sustenta desprazáronse considerable-

mente, deixándoo en risco de derrubamento. “Vimos que caía, que o íamos perder, a ante iso invitei a algúns veciños da parroquia a que me axudasen a recuperalo”, sinala Daniel Roibás, a persoa que asumiu a iniciativa de arranxar o monumento. “Hai uns meses caeu o cruceiro de Serantes e rompeu en catro ou cinco cachos; como se recupera despois iso?”, engade.

Intervención mínima

A intención era clara pero, con todo, Roibás define a iniciativa veciñal como “un atrevemento”, en referencia á estrita política que aplica a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta á hora de autorizar o arranxo ou a restauración de monumentos. “Ás veces non che deixan nin limparlle as herbas e o musgo”, sinala, “pero eu decidín facerme responsable de todo aquilo que puidese suceder para non

envolvernos na burocracia nin perdernos en trámites administrativos”.

A cruz de pedra non podía esperar moito tempo e á rapidez da intervención contribuíu o feito excepcional de que o cruceiro de Visantoña é dos poucos que hai en Galicia de titularidade parroquial, polo que non foi preciso solicitar permiso á curia. A actuación foi comunicada a Patrimonio e os veciños procederon ao arranxo sen alterar no máis mínimo a estrutura orixinal. Os traballos consistiron en empurrar os chanzos da plataforma cunha pá mecánica para devolvelos ao seu sitio e logo forralos con pedras máis pequenas de xeito que quedasen seguros. Para curarse en saúde e previr novos incidentes non desexados, un veciño doou seis pequenos piares de pedra de cantería que foron colocados arredor do cruceiro a xeito de protección.



O cruceiro antes e despois do arranxo realizado polos veciños





Camino de Santiago



Imprescindibles del peregrino en Melide



Melide, where you will find everything you need



Albergue Turístico



O Apalpador

Rúa San Antonio, 23
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reservas:
679 837 969
(encargada Conchita)

albergueoapalpador@hotmail.com
www.albergueoapalpador.com



CASA DE LOS SOMOZA

Tfno - Fax: 981 50 73 72 . Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leboeiro - MELIDE (A Coruña)





**San Antonio, 3
MELIDE**

Tlf: 627 809 017

**HOSPEDAJE - BAR
RESTAURANTE**

**Novo
Contingente**

Telf: 981 50 61 82 - 699 61 37 59

C/ Luis Seoane, 8
15800 MELIDE (A Coruña)



**CAFETERÍA Y
CHURRERÍA**

**DESAYUNOS
BOCADILLOS
CHURROS**

Desde las 6 a.m.

**Cátedra, 1
MELIDE**



**Pulperia
A Grogas**

Mov: 605 883 268
Camino Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamende@gmail.com



- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es



PUB
CONTAINER
MELIDE

O MELLOR ENTROIDO !!!

23 DE MARZO - 1º ANIVERSARIO

REGALOS **FESTA COYOTE** AZAFATAS GOGOS



O d'PEQUE

Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE
Tel: 696 77 41 63

XORNAL CERNE

Departamento de
publicidade

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com

Casa comigo... en Melide

SALÓN DA VODA



**Pasarela de Moda
13:00h e 18:00h**



Domingo 17 de Marzo 2013, Pazo de Congressos, Melide
Horario: 11:00h - 20:00h

www.salondeboda.com



Organiza:



Deputación
DA CORUÑA

ZAFIRO
TOURS Lalin

Os Melidaos, “**Os gaiteiros que cantan**”, teñen novo disco



“**Axudádeme a cantar**”



OS MELIDAOS

Grupo de música tradicional
Avenida de Toques e Friel, 49
15.800 Melide (A Coruña)
639 527 400 / 610 515 591
osmelidaos@gmail.com

“A música tradicional é un tesouro que cómpre conservar. Debemos apoiar, potenciar e respectar a nosa música porque forma parte esencial da nosa cultura, do noso ser como pobo. O pobo que non amosa orgullo polas súas raíces e pola súa cultura, non terá futuro como tal”.

Os Melidaos

A Coral afronta nova etapa coas sopranos na directiva



Parte da antiga xunta directiva na asemblea celebrada o 8 de febreiro

“Vaille vir moi ben o cambio”, di convencido Javier Rodríguez Pampín, que tras catro anos na presidencia da Coral Polifónica de Melide deixa o cargo para dar paso a un novo equipo directivo integrado só por mulleres. A formación musical aprobou o pasado mes de febreiro en asemblea o cambio na dirección e, de acordo co recollido nos estatutos, as sopranos asumirán as rendas en substitución da corda dos tenores. “É un bo

cambio”, sinala Rodríguez Pampín, “ata agora eramos todos homes e as mulleres son máis detallistas; traerán novas ideas”. A directiva entrante estará presidida por Ánxela López. Na vicepresidencia estará Marina Lea e como secretaria Estela Guerreiro. M^a Carmen Fernández será a tesoureira.

O antigo equipo directivo vaise co convencemento de “ter recuperado a autoestima e a calidade” cunha coral que “estaba nun momento baixo”.

Vázquez Arias estrea cinco obras de creación propia



Vázquez Arias nos ensaios previos ao concerto (Foto: Susy Suárez)

Doce anos de actividade creativa feitos música de cámara. O director do Conservatorio Municipal e da Orquestra Sinfónica de Melide, Fernando Vázquez Arias, presentou o primeiro de marzo cinco obras orixinais compostas por el mesmo entre os anos 2000 e 2012. Sobre o escenario do Conservatorio Profesional da Coruña e coa cidade herculina como telón de fondo, Vázquez Arias fixo viaxar ao público a través dos sons coa súa Sonata

Compostelana para piano, na que en catro movementos recrea o ambiente de lugares emblemáticos de Santiago. A esta peza sumáronse outras catro de inspiración galega e influencias clásicas: Trío en Lab M para piano, violín e violoncello; Cuarteto de cordas en Do m; Elexía apaixonada para piano e violoncello; e Suite do camiño para quinteto de cordas. No recital participaron sete instrumentistas do conservatorio coruñés.

Melide acolle o 16 de marzo a II Festa dos singles galegos

Comezou como unha festa de amigos e coñecidos que decidiron xuntarse para pasar unha noite de confraternidade e diversión pero a experiencia resultou tan positiva que ademais de consolidarse está a medrar. É a Festa dos Singles, que por segundo ano vai converter Melide na capital galega dos solteiros e demais xente sen compromiso. Celebrarase o 16 de marzo na Pulpería Ezequiel, onde se servirá un menú a base de pulpo e churrasco. Durante a cea haberá sorteo de regalos e outras sorpresas. A festa continuará despois na discoteca Palladium e na zona de pubs. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o día 15 en stilosingle.ning.com ou chamando ao número de teléfono 600 519 131.

Concurso de carteis da XXII Festa do Melindre

A Concellería de Promoción Económica e Turismo organiza por segundo ano o concurso de carteis anunciadores da Festa do Melindre. O prazo para a entrega de propostas xa está aberto. Poderán participar os maiores de 16 anos e presentar tantos traballos como desexen, sempre e cando sexan orixinais e non resultaran premiados con anterioridade. A técnica a empregar será libre (óleo, acuarela, debuxo artístico, fotografía, collage...) e a temática será o melindre e a repostería tradicional da Terra de Melide. O prazo para a entrega de obras remata o 5 de abril, data a partir da cal se escollerá o cartel ganador, que recibirá un premio de 300 euros. As bases do concurso están dispoñibles na web www.concellodemelide.org.

Escuela Ayude prepara o asalto aos nacionais de loita



Equipo da Escuela Ayude no último campionato disputado, en Murcia

A loita olímpica segue dándolle alegrías á Escuela Ayude. Unha das súas deportistas máis laureadas, Cora Ayude, fíxose coa medalla de ouro en categoría cadete nos campionatos de España celebrados o pasado 23 de febreiro. Xunto con ela, outros tres loitadores melidenses formaron parte da selección galega desprazada a Murcia, onde tamén fixeron un bo papel. Xandre Freire conseguiu o bronce na moda-

lidade de loita grecorromana, Bruno Agra quedou 5º e Arón Ayude 7º. A dirección da escola cualifica estes resultados como “bastante buenos” tendo en conta que os loitadores competiron nunha categoría superior á que lles corresponde. É por iso que agarda que o número de medallas sexa maior tralos campionatos de España para as categorías junior e escolar. A cita será en Granada os días 8 e 9 de marzo.

Casa Alongos saca a escena as súas mellores iniciativas



Fran Lugrís, Antón Durán “Morris”, Concha Casares e José Crusat

Como se dunha metáfora se tratase, Casa Alongos compartiu os seus viños e licores con máis de 150 profesionais do teatro galego. A asociación de actores e actrices escolleu esta empresa melidense para servir o catering da festa dos nomeados aos premios María Casares. Mais non é o único escenario onde estivo presente Casa Alongos; o pasado 25 de febreiro esta firma local contou a súa experiencia nas

xornadas sobre iniciativas emprendedoras de éxito ligadas ao aproveitamento dos recursos no rural que organizou a Fundación Juana de Vega da Coruña. A xira por Galicia continúa e a próxima “función” será no salón gastronómico Vigourmet, onde o 9 de marzo, en colaboración con Pastelería Trisquel, presentará novas creacións culinarias baseadas na maridaxe de repostería artesanal e licores.

A auga desloce un Entroido que medra en participantes e nivel

O Entroido 2013 tivo unha convidada de excepción que malia ser agardada non deixou de amolar: a choiva. Un orballo persistente fixo acto de presenza no día grande, o martes, e deixou deserto de disfraces e algarabía o Cantón de San Roque ao tempo que impediu o tradicional desfile polas rúas da vila. Pero a auga non foi quen de botar a festa por terra e o Pazo de Exposicións e Congresos reuniu baixo o seu teito todo o balbordo dunha celebración que semella ir a máis ano tras ano, a xulgar pola asistencia masiva de xente que acudiu ata o lugar para participar da troula.

A festa non só medra en número de entroideiros, senón tamén en canto á calidade dos disfraces e propostas daqueles que se presentan ao concurso. Tal foi o caso da categoría de comparsas, onde se fixo co primeiro premio (700 euros) o xigante cabalo de Troia da Asociación Charamela de Melide, ao que lle tiveron que “cortar” a cabeza para poder sacalo do recinto, pois non cabía pola porta. En segundo lugar quedou “A invasión do Oeste”, de Visantoña, coa recreación dun saloon e a loita entre indios e vaqueiros a cargo dos seus 45 compoñentes. Levaron 500 euros.

Na categoría de grupos, onde participaron 12 concorrentes, os 300 euros do primeiro premio foron para “Unha monada de Gibraltar”, sete primates melidenses que saíron ao escenario comendo plátanos e reivindicando a golpe de música a devolución do Peñón. En segundo lugar (200 euros) quedaron “As anduriñas”, de Sobrado, cunha proposta moi orixinal que foi das máis aplaudidas polo público e na que recreaban a catro mulleres facendo o pino.

Menos concorrida, pero cun alto nivel, foi a categoría individual, á que se presentaron dúas persoas. O primeiro premio (200 euros) foi para “Fantasía de Carnaval”, a proposta dunha melidense que repite ano tras ano no podio e que luciu un disfraz feito con sacos de plástico. En segundo lugar quedou a representación futurista de “Billenium”, chegado de Lugo.



O Cabalo de Troia, 1º premio na categoría de comparsas



Detalle do Salón do Oeste, segundo premio de comparsas



Primeiro premio de grupos, “Unha monada de Gibraltar”



Primeiro e segundo premio na categoría individual

SOBRE-DOSE DE RETRANCA NAS COPLAS DE PARRADO

“No negocio que eu traballo, pódeme mirar se vas, é hotel e restaurante e chámase Bar-Cenas. Aínda que damos cenas, o menú non vale para ver, pois se entran todos hai moito onde roer”. Non podía ser doutro xeito. Coa actualidade marcada pola cuestión política e as sombras sobre as contas do PP, Manolo Parrado subiu ao estrado da Praza das Coles disfrazado de camareiro do Bar Cenas para pronunciar un ano máis o pregón que pon fin ao Entroido melidense. Co



uniforme impecable e varios sobres colgando do mandil, presentou un menú do máis acedo antes as ducias de persoas que se congregaron para escoitar as súas coplas: “hai patatas a lo pobre, tamén menú á carta, cada unha no seu sobre. Os sobres co seu relleno en láminas ao natural, canto máis relleno leven, máis alegre ao personal. Máis este ten unha ventaxa, que é bo de mastigar, por se alguén por gardar a liña vai a Suíza a esquiar”.

Tampouco faltaron nos pratos servidos por tan peculiar camareiro boas doses de crítica á acción dos gobernos actuais e sobre todo ao incumprimento das promesas formuladas. Sostendo unha mancha de propaganda electoral, dedicoulles algunhas das coplas con máis retransca: “non é mentira ningunha, que ma mandaron a min, non cumpriron para nada o que no papel che din. Aquí no papel que traio podédelo comprobar, nuestro compromiso contigo y que puedes confiar. Las pensiones están seguras, non sei das que falarán, das que quedan vitalicias por administarnos mal? Mellorar a educación era outros dos seus puntos, máis ninguén está contento, nin profesores nin alumnos. Pois parece que é pensado, e vaino ver se podes, para que destaquen os ricos e non estudien os probes. Por iso tamén dicían, e é outra barbaridá, pono tamén o papel, que iba haber

igualdá”.

Iñaki Urdangarín ardeu no lume do Entroido o ano pasado e este volveu repetir protagonismo. Iso si, compartido con seu sogro: “agora ten que pagar e non lle chegha o ferrollo. Terás que botarlle unha man se non lla bota seu sogro. Se queres ser solidario como é o pueblo español, xa podes ir aforrando para mexar nun orinol”.

En clave local

Non estivo só o camareiro Parrado á hora do servizo. Antes do menú principal, Amiguete encargouse dos entrantes cunhas coplas aderezadas cun toque local que tamén foron do gusto dos asistentes: “Quen aprende tantos nomes que lle dan á corrupción? Gürtel, Nóos, Palma Arena, Palau, Pokemon e Campeón. No Levante os primeiros, por aquí os outros dous. Hai merda en toda España, salpicando a todo dios. O Pokemon é de alcaldes, mais a nosa seica non, pero hai un fillo adoptivo metido no Campeón”. Non todo foi política nun menú variado: “a miña conta e as neuronas, todo está arrasado, como o mobiliario do Furelos por encherme demasiado. E se morro estou tranquilo, teño sitio asegurado, porque disque o velorio vai ser pronto ampliado”.

Rematado o pregón, comezou o lume. Por se non estaba xa suficientemente queimado, as lapas acabaron coa figura de Mariano Rajoy.

ENTROÍDEIROS EN MELIDE



Había tempo que non se recordaba en Melide unha noite de Entroido con tanta xente disfrazada polas rúas da vila. As festas especiais organizadas por bares e pubs engadiron un ingrediente máis á movida dos sábados e lograron reunir a centos de mozos e mozas con orixinais disfraces. Indios, pallasos, cabereteiras, xoaninas e choqueiros certificaron que esta celebración (tamén) está en pleno auxe.

Precísase ben común

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Cos resultados das últimas eleccións ao goberno do estado facía un repaso que trataba de confrontar as ilusións daqueles que votaron ao partido gobernante co que se coñece como economía do ben común (Nº71). Nese número facía alusión a que máis adiante expoñería polo miúdo en que se basea esta teoría. Vistos os acontecementos, penso que é pertinente traela a colación de novo.

A economía do ben común é un termo acuñado polo economista austríaco Christian-Felber e baséase, de xeito resumido, na acción de compartir, é dicir, mudan radicalmente os significados de éxito empresarial ao centrarse este na contribución ao ben común. Pero que é o ben común? Pois aquel que decidan de xeito participativo aqueles que forman parte dun ente empresarial e mídense en rendementos de tipo social, ecolóxico e de distribución. Arguméntase que aquelas empresas que consigan estes obxectivos deberán gozar de incentivos e vantaxes legais que, lóxicamente, lles permitirán cubrir os seus custos éticos. É así como se pode entender que o beneficio financeiro deixe de ser o fin para converterse nun medio



co que alcanzar o novo obxectivo, o ben común. Isto non quere dicir que non se poidan establecer escalas salariais ou que as plusvalías non repercutan entre os que as crean; de feito contéplanse, pero non deben superar en vinte veces o salario mínimo. Deste xeito, segue argumentándose, as empresas poderán recuperar o seu tamaño óptimo sen preocuparse de ser absorbidas por outras porque o obxectivo de rendibilidade mudou do unicamente económico ao social.

Se ben é certo que este non deixa de ser un modelo utópico, non deixa de ser tam-

pouco un modelo que algunhas empresas comezaron xa a usar con certo éxito. É un modelo, por exemplo, que non permitiría que aqueles que se forraron durante anos poidan en ben pouco tempo dicir estar arruinados e despedindo masivamente. Uns poucos anos de crise non poden ser suficientes para dilapidar as grandes plusvalías xeradas, algo que queda ben claro cando atendemos a como moitos grandes empresarios regularizaron os cartos dos paraísos fiscais coa famosa amnistía fiscal e a costa do sufrimento da gran maioría.

Día mundial da auga

Xosé Núñez López

Lendo o Cerne do mes pasado, atopeime cunha foto denuncia da Fonte de Priorada, en Melide, que poñía ao descuberto o estado de abandono no que se atopaba. Isto fíxome recordar unhas notas que tiña gardadas sobre o Día Mundial da Auga e pensei que era momento de tratar un tema tan imprescindible para a supervivencia da humanidade.

Como xa sabemos, 2013 foi declarado polas Nacións Unidas o ano do aproveitamento da auga, sendo o día 22 de abril cando se celebra o Día Mundial da Auga, que ten como obxectivo concienciar sobre a necesidade de aforrar o líquido elemento. Así o recolle unha das notas que tiña gardadas: “este ano 2013 quere inducirnos ao aforro da auga, xa que sen auga pura e sen aire respirable dificilmente poderemos seguir camiñando pola vida...”.

Unha vez postos en alerta laranxa para que non a desaproveitemos, véñenme á memoria recordos moi curiosos sobre a historia da utilización da auga no rural galego en épocas pasadas. Se nos referimos a tempos primitivos, podemos contemplar como as primeiras casas dunha aldea eran construídas sempre ao pé dunha fonte que non secara

nin sequera no verán. Isto facíase aínda que o terreo dos arredores fora de acceso complicado e resultase difícil construír un pozo.

Esa auga potable imprescindible para a vida e tan custosa de carrexar ata o fogar tiña dúas aplicacións principais que nalgúns casos traían grandes problemas para os campesiños galegos. Unha delas era a de facer andar os muíños para moer o gran, sen cuxa fariña non había pan, alimento base en toda casa de aldea. Tal tarefa levaba consigo o sacrificio de ter que ir vixiar o muíño unha ou máis veces na noite, ou incluso pasal toda enteira dentro del, sentado nun tallo ou nunha pedra. Se o muíño paraba, había que saír fóra e andar río arriba para ver se alguén desviara a auga para algún prado e por iso non chegaba ao muíño. Outro problema era que só podía haber un prado de herba verde onde houbera unha fonte para regalo, valéndose de regos que coas súas correspondentes fielas a distribuían por todo aquel terreo.

O progreso demostrounos que os prados preferían comer máis abono e beber menos auga, aínda que fora potable dunha e viñera dunha das mellores fontes.

A lingua galega no software libre

Rafael Rodríguez Gaios, presidente de Melisa

Unha das grandes diferenzas que atopamos entre o software liberado baixo unha licenza libre e o software privativo é o uso do galego na interface de usuario. Froito da posibilidade de acceso e modificación do código fonte, é que multitude de voluntarios participan na tradución de software libre cara ó galego.

Unha das primeiras sorpresas que atopa un usuario que se inicia no uso de ferramentas libres é que o seu ordenador pode comunicarse con el na súa lingua, o galego. E sobre todo é unha maneira de manter vivo o idioma, ao contar coa posibilidade de utilizar ferramentas coma os correctores ortográficos, ademais de

acostumarse a utilizar de xeito correcto os nomes de diferentes elementos que utilizamos a diario nos nosos equipos.

Moito do traballo feito ata o momento ten detrás a un grupo de tradutores galegos que se organizan baixo o colectivo Trasno (trasno.net). Creado no ano 1999, leva traducidos centos de aplicativos que usan acotío miles de usuarios, coma por exemplo, LibreOffice, Mozilla Firefox, Ubuntu, WordPress, KDE, Gnome, etc...

As motivacións que levan a unha persoa a dedicar parte do seu tempo á tradución de software son moi variadas, pero destaca en todos eles a paixón que senten pola lingua

e por introducila nun sector que estivo (e está en parte) dominado polo inglés.

Coma sempre, dende aquí animamos a que as persoas interesadas en axudar contacten connosco, ou ben con Trasno, para poder colaborar en todo o traballo que queda por facer para que a nosa lingua siga presente nos nosos dispositivos. Calquera usuario que saiba utilizar un ordenador e posúa coñecementos de inglés e galego pode converterse nun voluntario. En todo caso, calquera tipo de axuda sempre é benvida cando estamos a falar de traballos colaborativos. [melisa.melide@gmail.com], [facebook.com/melisa.melide].



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Rúa San Pedro, 16
MELIDE**

**Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702
Balada - Visantóna (SANTISO)
xebre@telefonica.es**

MARGARITA IGLESIAS FOCIÑOS, MIS MEJORES LABORES

“Gústame seguir unha liña xuvenil e ter todas as novidades que saen ao mercado”

É o claro exemplo de como un negocio evoluciona no tempo, aínda que no seu caso os prazos son moito máis curtos do habitual. Tan só 15 meses despois de abrir as súas portas, Mis Mejores Labores deixou atrás o tradicional concepto de mercería para incorporar unha ampla variedade

de artigos para bebé e apostar decididamente pola lenzaría de noivas e os detalles de voda, bautizo e comunión. Detrás de tanta iniciativa está Margarita Iglesias, o perfil dunha emprendedora nata coa cabeza posta as 24 horas no seu negocio e unha declarada paixón pola novidades do mercado.

-Unha simple ollada á súa tenda abonda para saber que aposta por un estilo moderno e orixinal.

-Margarita Iglesias (M.I.): Si, Mis Mejores Labores ten claramente un estilo xuvenil. Non fuxo do clásico, porque hai que vender de todo, pero procuro marcar unha liña desenfadada e ter na tenda todas as novidades que van aparecendo no mercado. A cada comercial que entra pola porta pídolle cousas novas e eles mesmos me din que son moi atrevida, a única que arrisca sen probar. O suxeitador máis raro que saía ao mercado, ten por seguro que o vou coller. A min gústame introducir todas as novidades posibles e vexo que ao final dá resultado.

-Cales foron as últimas que incorporou?

-M.I.: Agora mesmo están vindo faixas redutoras e anticelulíticas. No referido ao suxeitadores, veñen recheos máis naturais, outros para levar co lombo ao aire ou os palabra de honor que non caen. O último que trouxen é un suxeitador con varias posicións que se adapta a diferentes tipos de vestidos e de escotes. Calquera deles vai moi ben de cara aos eventos de verán e tamén para as vodas, que é un sector polo que estou apostando; intento ter cada día máis mercancía para que as noivas teñan onde escoller e atopen tamén algo que se saía do común.

-Vai participar no Salón da Voda de Melide?

-M.I.: Si, alí estaremos o 17 de marzo. Estoume especializando na lenzaría de noivas e para iso empecei a traballar cunha casa que ten un estilo de corpiños e batas que non había aquí en Melide. Ao salón



Margarita Iglesias na súa tenda da Avenida de América

levarei unha mostra de roupa interior, para que as noivas aprecien a calidade dos artigos, e logo por catálogo terei a oferta de tres marcas de lenzaría diferentes. Tamén levarei catálogos dos detalles de voda e invitacións, que é o último servizo que incorporei na tenda, xunto cos detalles de bautizo e comunión.

-E tamén os artigos para bebé. O negocio cambiou moito en pouco tempo...

-M.I.: Hai que actualizarse constantemente. A miña ilusión era montar unha tenda en exclusiva con cousas para recién nados, pero hai que ir pouco a pouco. Con esta nova liña comecei en decembro. Fíxeno porque hai moitos nacementos ultimamente e porque me encantan os bebés. Na tenda teño roupa e despois

a través de catálogo vendo de todo: berces, carros, capazos, sacos, sillas, sillas de paseo, edredóns, mantas, sabas, toallas... E logo como me gustan as manualidades e non paro de discorrer, utilizo cueiros e preparo regalos para recién nados con forma de castelo, de pastel, de biberón, de tiovivo... son máis orixinais cás cestas de sempre.

-Cal é o segredo para que unha tenda funcione ben?

-M.I.: Traballar moito e dedicar as 24 horas do día ao negocio. Eu cando volvo para a casa sigo traballando. E se non segues traballando, a cabeza ten que estar funcionando sempre porque como te quedas e vaias con medo, mal asunto. Eu hoxe por hoxe estou contenta, non me podo queixar de como vai a tenda. Necesitaría un

baixo que fose o dobre do que teño para vender todo o que querría, pero é moi cedo para cambiar. Miña nai xa me dixo cando abrín que era unha loucura, pero que fas se non te arriskas? Traballo non hai e tes que buscar a maneira de atopar algo...

-Por que te decantaches pola actividade comercial?

-M.I.: Rematei de traballar e vin que as miñas compañeiras quedaran no paro unha detrás doutra e que eu ía polo mesmo camiño. Aos dous días xa pensei que había que facer algo fose como fose. Xa tiña a idea da mercería na mente porque me gustan moito as manualidades. En Melide xa había algo diso pero o mercado non estaba saturado e vin que había un oco se lle daba un enfoque xuvenil. E así naceu a tenda.

“Estou traendo moita lenzaría de noivas para que poidan escoller e atopar algo fóra do común”

“Vendo por catálogo todo tipo de artigos para bebé: sillas, berces, capazos, mantas, sacos...”

Antes traballara nun taller de coches e recambios e no Primark. Nada que ver con levar un negocio propio.

-Que é o máis difícil cando se comeza un proxecto novo coma este?

-M.I.: Aprender tantas cousas en tan pouco tempo. Suxeitadores hai 30.000 modelos diferentes e o mesmo pasa coas medidas das sabas de berces, miniberces e capazos, que é o que me ocupa agora a cabeza. Pero tampouco o vexo extremadamente difícil. Hai que poñerlle interese e así vas aprendendo día a día. E despois se che gusta, resulta máis doado. A min encántame a atención ao público e gústame sacar cousas novas e que as clientas as proben e busquen novos estilos, que leven cousas diferentes, fóra do clásico.

Casa comigo... en Melide

**SALÓN
DA VODA**

17 Marzo
2013



O próximo 17 de marzo A Boa Viña estará no Salón de Voda de Melide presentando toda a súa variedade de viños, cervexas, cafés e tapas. Non perdas os desfiles de moda, ás 13:00 e ás 18:00, nos que participará unha camareira do PUB Q+!

Esperamos a vosa visita!!



Vinoteca

A boa Viña

MELIDE
ZONA DOS VIÑOS

A boa Vida

VENRES

8

MARZO

a partir das
8 da tarde

**cata
degustación**

VIÑA ARDANZA

RESERVA ESPECIAL 2001

As 12:30 da noite SORTEO
de DUAS ENTRADAS para o
DEPORTIVO vs CELTA
en Riazor, o venres 15 de
Marzo de 2013, ás 9:30 da noite.



619 360 079 - Alberto



Despedidas de solteiro/a:

- Transporte.
- Alojamento.
- Viños.
- Cea.
- Copas.
- Go-Go's.
- Strippers.
- Todo o que precisas para
unha data inesquecible.



O Entroido, todo un éxito!



SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!

DISCOTECA

Kull

Pontecarreira

5 DE DICIEMBRE



SABADO 12 XANEIRO

Pub Aloha
Melide

B
R
E
V
E
S

Control aos madeireiros

O concello de Toques aplicará man firme cos madeireiros que traballan nos montes do municipio. Tralos últimos danos causados no mobiliario urbano por unha empresa que traballaba no entorno do Castro da Graña, a administración local ameaza con denunciar a aqueles profesionais que non reparen os estragos que a súa actividade produce en sinais, farolas, pistas ou beirarrúas. En 2013 creará unha taxapara os madeireiros.

Perseguindo aos morosos

Santiso dará un toque de atención ás empresas e particulares que están en débeda coa administración local. A día de hoxe o concello ten sen cobrar arredor de 6.000 euros en licenzas de obras, dos que 2.000 corresponden a facturas con máis de dous anos de antigüidade. Outro dos principais focos de morosidade detectouse na axuda a domicilio, onde hai beneficiarios que levan máis dun ano sen pagar, “e non é porque non poidan”.

Moito peso e velocidade

O PP de Santiso solicitou que se limite a tonelaxe na estrada que vai de Seoane á Ponte da Cornella. Segundo denunciou, a miúdo pasan tráileres de transporte de animais cun peso excesivo que están a provocar a aparición de fendas en varias casas. “Se non facemos nada, algún día vai haber problemas”, asegurou a concelleira Matilde Pallares. O PP sostén ademais que os camións pasan moi preto das casas “a altas velocidades”.